

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 13 de novembro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce e trinta horas do día trece de novembro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1278).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1279).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A CREACIÓN DUNHA APLICACIÓN DE XESTIÓN TRIBUTARIA DE VEHÍCULOS. EXPTE. 7159/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10/11 e o informe de fiscalización do 11/11, dáse conta do informe-proposta do adxunto xefe do servizo de Admon. Electrónica, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento e pola concelleira de Facenda, que di o seguinte:

"NORMATIVA DE APLICACIÓN

*Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público. (TRLCSP)
Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante Resolución de 23/10/2014 o Concelleiro Delegado de Administración Electrónica acordou iniciar o procedemento de contratación do servizo para a creación de unha aplicación de xestión tributaria de vehículos .

Segundo.- No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación do xefe de Administración Electrónica de 23/10/2014*
- Resolución do Concelleiro delegado de Administración Electrónica de 23/10/2014 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.*
- Prego de prescricións técnicas redactado polo xefe de Administración Electrónica de data 10/11/2014 .*
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto de data 10/11/2014 .*
- Informe favorable ó expediente de contratación do Letrado-Asesor da Asesoría Xurídica de 10/11/2014.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación de acordo co disposto no art 93-1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación, no concello de Vigo esta competencia está delegada por Decretos de Delegación de Alcaldía de data 29/07/2014 . O Concelleiro Delegado de Administración Electrónica en resolución de 23/10/2014 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o art 93-3 da LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo xefe de Administración Electrónica e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado polo xefe da oficina administrativa de Contratación.

Terceiro: O procedemento elixido para a contratación é procedemento aberto segundo a lexislación vixente.

Cuarto.- : En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e segunda, da Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público , emitíuse pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo o día 10/11/2014, informes favorables ó expediente de contratación devolvéndoo co prego de cláusulas administrativa particulares informado de conformidade.

Quinto.-Según a Lei 5/2014 de 27 maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración

Local, este servizo ostenta competencias propias prevista no artigo 25.2 d) "Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade" da Lei 7/85, Reguladora das Bases de réxime local, na redacción dada pola lei 27/2013.

Sexto.-No artigo 93-3º da LCSP establece que ó expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a súa aprobación, do expediente.

Septimo.-A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público. A resolución segundo o artigo 94 1º da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

PROPOSTA

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. Aproba-lo expediente de contratación por procedemento aberto do subministro do servizo para a creación de unha aplicación de xestión tributaria de vehículos que contén o prego de prescricións técnicas de data 10/11/2014 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto de data 10/11/2014 .
2. Aproba-lo gasto de 60.000 € para para a contratación do subministro do servizo para a creación de unha aplicación de xestión tributaria de vehículos con cargo a partida 9227.2270601 (NOVO APLICATIVO DE IVTM E IBAN) do presuposto dos anos 2014, 2015atendendo o seguinte desglose:

Anualidades	Importe sen IVE	IVE	IMPORTE TOTAL
2014	16.528,93 €	3.471,07 €	20.000 €
2015	33.057,85 €	6.942,15 €	40.000 €
Total	49.586,78 €	10.413,22 €	60.000 €

3. Abrir-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista ."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

3(1280).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMIENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN EN RÉXIME DE ALUGUER DE ELEMENTOS DE ALUMEADO DECORATIVO NAVIDEÑO. EXPTE. 1042/106.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, con data 12.11.14, que di o seguinte:

1. A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 12 de novembro de 2014, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

6.- Propostas de clasificación.

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos de alumado decorativo navideño (expediente 1042-106)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 05-11-2014, 07-11-2014 e 12-11-2014 e do informe do xefe do servizo de Comercio, de data 11-11-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos de alumado decorativo navideño" (expediente 1042-106), no seguinte orde decrecente:

	LICITADOR	PUNTUACIÓN
1º	BLACHERE ILUMINACIÓN ESPAÑA, S.A.	95,48
2º	IMESAPI, S.A.	84,38
3º	PORGESA S.A.	75,35
4º	ILUMINACIONES JESÚS NAZARENO, S.L.	54,63

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BLACHERE ILUMINACIÓN ESPAÑA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe de 1.500.000 euros.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 644,88 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1281).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDUREMTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DO TERREO DE XOGO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS. EXPTE. 13254/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 05/11/14, do secretario da Mesa de Contratación fiscalizado o 12/11/14, que di o seguinte:

“LEXISLACIÓN APLICABLE

Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSF).

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.

Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento do terreo de xogo do estadio municipal de Balaídos (expediente 13254-333).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 15 de outubro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

12.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO DO TERREO DE XOGO DO ESTADIO DE BALAIÓDOS. EXPTE. 13254/333.

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación, asinada polo secretario de dito órgano con data 14.10.14, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 14 de outubro de 2014, entre outros , acordou:

7.- Proposta de clasificación.

Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento do terreo de xogo do estadio municipal de Balaídos (expediente 13254-333)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 19-09-2014 02-10-2014, 06-10-2014 08-10-2014 e 10-10-2014 e dos informes do Director Deportivo do IMD de data 29-09-2014 e 09-10-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSF), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento do terreo de xogo do estadio municipal de Balaídos (expediente 13254-333), no seguinte orde decrecente:

1	ZONAS VERDES ANIBAL SOTO S.L.	80,00
2	CESPA	20,02

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, Zonas Verdes Anibal Soto, SL , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil de acordo co apartado 14 a) das FEC.
- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC e os que se comprometeu na súa oferta.

Terceiro.- Requirir o aboamento de 620,14 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación a cada un dos licitadores clasificados en primeiro lugar”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 17 de outubro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 29 de outubro de 2014, dentro do prazo sinalado. Revisada a documentación se observa que non se presentou o certificado de non ter débedas de carácter tributario coa Xunta de Galicia.

Terceiro.- A mesa de contratación, na súa sesión de data 30 de outubro, acorda requirirille ó licitador que complete a documentación requerida.

Cuarto.- Zonas Verdes Anibal Soto, SL . en data 03 de novembro de 2014 presenta o certificado de non ter débedas de carácter tributario coa Xunta de Galicia.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a Zonas Verdes Anibal Soto, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento do terreo de xogo do estadio municipal de Balaídos (expediente 13254-333) por un prezo total de .33.033 euros (IVE incluído). Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1282).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS POLA SÚA ACTIVIDADE DURANTE A TEMPADA DEPORTIVA 2013/2014. EXPTE. 13146/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 22/10/14, asinado polo director e polo coordinador deportivo do IMD e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes; ampliado o 12/11 e fiscalizado o 13/11/14, que di o seguinte:

“I- ANTECEDENTES:

Vista a proposta do 04 de novembro de 2014 da comisión de avaliación (Órgano Colexiado de Avaliación) composta polo Concelleiro de Deportes D. José Manuel Fernández Pérez, polo Director Deportivo do IMD e polo Coordinador Deportivo do IMD, como secretario, consonte o establecido na cláusula 14ª das bases que regulan esta convocatoria, e atendendo ás observacións detalladas no informe remitido pola Intervención do Concello de Vigo con data 03 de novembro de 2014, este técnico procede a realizar a proposta á Xunta de Goberno local en base á análise realizada pola dita comisión de avaliación.

Na cláusula 8ª das bases da convocatoria establécese que a avaliación das solicitudes farase tendo en conta os criterios e baremos que figuran na cláusula 7ª das mesmas, e que os datos a puntuar corresponderán ás actividades da tempada 2013-2014, sobre un máximo de 115 puntos, establecéndose do seguinte xeito:

a) Actividades Xeral da entidade solicitante:

a.1) *Relevancia da modalidade deportiva a nivel das competicións nas que participan os equipos ou deportistas integrantes da entidade deportiva: Valorarase ata un máximo de 35 puntos, e teranse en conta a categoría dos equipos pertencentes ó clube solicitante e a repercusión mediática e social da súa competición na cidade e fora dela.*

a.2) *Organización de actividades e competicións deportivas que colaboren co sistema deportivo local: Valórase ata un máximo de 25 puntos, e teranse en conta todas as actividades organizadas polas entidades deportivas, que colaboren no desenvolvemento do sistema deportivo local, tales como competicións intercolexios, xornadas de tecnificación, xornadas de portas abertas, campus deportivos, xornadas de divulgación da modalidade deportiva entre os nenos e nenas da cidade... Nas valoracións das solicitudes de subvención, tense en conta as memorias das actividades e competicións deportivas organizadas polas propias entidades, a súa relevancia deportiva, social e educativa...*

a.3) *Participación en competicións non federadas con formato de liga, de ámbito nacional, e de especial relevancia e repercusión: Valórase ata un máximo de 15 puntos a participación en competicións non federadas, pero de ámbito nacional e de especial relevancia e interés para a cidade polo seu nivel deportivo, a repercusión da competición tanto fora como na propia cidade de Vigo, a repercusión mediática e social. Este criterio só se tivo en conta no caso de que a entidade alcanzara, polo menos, unha valoración de 10 puntos.*

b) Promoción do deporte de base:

b.1) *Promoción da actividade deportiva na base: Valórase ata un máximo de 5 puntos, e tense en conta, entre outras cuestións, a participación ou non no programa municipal de escolas deportivas, a dinamización de proxectos de colaboración asinados con centros educativos para o desenvolvemento de programas deportivo-educativos...*

b.2) *Número de equipos e deportistas de xénero feminino: Valórase ata un máximo de 10 puntos, e tense en conta o número de licencias de categoría feminina das entidades.*

b.3) *Número de equipos e deportistas ata categoría xuvenil: Valórase ata un máximo de 10 puntos, e terase en conta o número de deportistas de base das entidades deportivas. Nas valoracións das solicitudes de subvención, tivéronse en conta os datos das Federacións Deportivas da modalidade, aportados polas entidades mediante certificado oficial emitido pola propia Federación.*

c) Estructura da entidade deportiva:

c.1) *Gastos en aluguer de instalacións deportivas: Valórase ata un máximo de 5 puntos e téñense en conta os gastos que para cada entidade supón o aluguer de instalacións deportivas para o desenvolvemento da súa actividade na tempada 2013-2014. Tívoise en conta o total dos gastos que supón o aluguer de instalacións deportivas para o desenvolvemento dos proxectos das entidades deportivas.*

c.2) *Desprazamentos a competicións deportivas oficiais, distancias e número de deportistas desprazados: Valórase ata un máximo de 5 puntos, e tivéronse en conta os gastos relacionados cos desprazamentos dos equipos a competicións oficiais nas que participa.*

c.3) *Número de técnicos titulados no proxecto global do clube: Valorarase ata un máximo de 3 puntos, e tense en conta a proporción de técnicos titulados e a súa titulación, dos que participan nas actividades de adestramentos e formación no proxecto global do clube.*

d) O emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a axuda valorarase ata un máximo de 2 puntos: Emprego da lingua Galega nas comunicacións da entidade, nas campañas escritas de comunicación da entidade, cartelería...

A esta convocatoria presentáronse un total de 156 solicitudes, das que admitíronse definitivamente 146 e rexeitáronse 10.

Nas bases da convocatoria, se esixe que as entidades solicitantes certifiquen o número de equipos e licencias por categoría. Na comprobación de este concepto utilizáronse os certificados emitidos polas Federacións Deportivas de cada modalidade.

Por outra banda, as bases da convocatoria establecen que as entidades que soliciten subvencións superiores a 3.000,00€ acrediten mediante a presentación de certificados oficiais, estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social, a Facenda autonómica, a AEAT o Concello de Vigo e o Instituto Municipal dos Deportes de Vigo. Da mesma forma, as bases da convocatoria establecen que as entidades que soliciten subvencións por importe inferior a 3.000,00€, poden acreditar que non teñen débedas coas administracións públicas mediante a presentación dunha declaración responsable. A comisión avaliadora constatou, e así o certifica na súa avaliación de 04 de novembro de 2014, a validez destes certificados e declaracións no momento da súa revisión.

As entidades solicitantes da subvención declaran que todos os datos reflexados na solicitude son certos e se axustan á realidade. Cómpre ter en conta na responsabilidade na que incorrirían as entidades no caso de falsear os datos na solicitude.

No apartado de Organización de actividades e competicións deportivas que colaboren co sistema deportivo local, avaliáronse os datos referentes á importancia e repercusión da actividade ou competición, a participación, e a súa relevancia no desenvolvemento do sistema deportivo local. Neste punto, tivéronse en conta as fases autonómicas e/ou nacionais organizadas e/ou superadas polos diferentes equipos das entidades, os campionatos de promoción das modalidades organizados polas entidades, etc.

No anexo I relaciónanse os importes das subvencións propostas para cada unha das entidades solicitantes admitidas. Estes importes están definidos polo produto dos puntos acadados por cada entidade e o valor unitario do punto. Na avaliación realizada polo órgano colexiado (cláusula 14ª das bases da convocatoria) en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtívose que a suma das puntuacións acadadas polo total de entidades solicitantes foi de 1310,26 puntos. Tendo en conta que o importe total da convocatoria é de 430.500,00€, o valor unitario de cada punto se concreta en 328,56€.

A comisión de valoración decidiu aplicar un redondeo ós importes definidos ó aplicar o valor unitario do punto á puntuación acadada por cada unha das entidades beneficiarias, entendendo que este redondeo non supón unha variación significativa dos importes (como se detalla no Anexo I), e conseguindo desta forma cifras enteiras.

Por todo o dito anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

- 1. Aprobar a resolución da Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2013/2014 según la distribución detallada no Anexo I, por importe de 430.500,00€, con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00. do orzamento do 2014.*
- 2. Rexeitar as solicitudes das seguintes entidades pola seguintes causas:*

- Por presentar a solicitude fora de prazo:

ENTIDADE	CIF	Nº REXISTRO
CLUB MOTOBOX	G-36973105	140099535
R.C.NÁUTICO DE VIGO	G-36612752	140103626
CLUB HALTEROFILIA VIGO	G-36757623	140109390

- Por non cumprir o requisito establecido na base 5ª.2: "En relación coa modalidade de fútbol sala, só poderán participar nesta convocatoria os clubs que acrediten ter, polo menos, dous equipos federados en categorías inferiores.

ENTIDADE	CIF	Nº REXISTRO
CD. AVCR S. MAMEDE ZAMÁNS	G-36691855	140095026
LA PEÑA VIGO F. SALA	G-36938702	140098111

- Por non cumprir o requisito establecido na base 5ª.4: "As entidades deberán estar integradas en competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de club ou equipo profesional".

ENTIDADE	CIF	Nº REXISTRO
AVCD. LAVADORES	G-36633618	140097657

- Por non subsanar as carencias na documentación presentada no prazo legalmente establecido:

ENTIDADE	CIF	Nº REXISTRO
CLUB PETANCA GALICIA	G-36881639	140093512
CLUB SALADINO CORTIZO	G-36836716	140099119
CLUB WINDSURF KAILUA	G-36825214	140097848

- Por non cumprir o requisito establecido na base 5ª.6, ó non acreditar acharse ao corrente das súas obrigas Tributarias coa Axencia Tributaria

ENTIDADE	CIF	Nº REXISTRO
CÍRCULO MERCANTIL E I. DE VIGO	G-36614097	140093970

3. Ampliar o prazo de resolución da convocatoria por parte da Xunta de Goberno Local establecido na base 14ª da Convocatoria ata o 14 de novembro de 2014 por razóns de servizo.
4. Ampliar o prazo de xustificación das subvencións acadadas, establecido na Base 15ª da Convocatoria, do 31 de outubro ata o 2 de decembro de 2014. "

ANEXO I: LISTADO DEFINITIVO DE ENTIDADES E SUBVENCIONS ACADADAS POLAS MESMAS NA "CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN RELACIÓN Á SÚA ACTIVIDADE DEPORTIVA DA TEMPADA 2013-2014.

MODALIDADE	ENTIDADE	CIF	SUMA PUNTOS	IMPORTE INICIAL	IMPORTE C/RE-DONDEO
1ACTIV. SUBACUÁTICAS	CLUB SUBACUÁTICO BAHIA DE VIGO	G-36655983	2,43	798,40	800,00 €
2ATLETISMO	AGRUPACIÓN VIGUESA ATLETISMO	G-36645109	4,57	1501,52	1.500,00 €
3ATLETISMO	CLUB ATLETISMO VETERANOS DE SAMIL	G-36841906	0,91	298,99	300,00 €
4ATLETISMO	CLUB ATLETISMO VIGO	G-36911055	0,91	298,99	300,00 €
5ATLETISMO	COMESAÑA SPORTING CLUB	G-36645257	18,26	5999,51	6.000,00 €
6ATLETISMO	SD ATLETISMO SAN MIGUEL DE OIA	G-36645018	10,65	3499,16	3.500,00 €
7BADMINTON	CLUB BADMINTON RACHAPLUMAS	G-27709500	9,13	2999,75	3.000,00 €
8BAILE DEPORTIVO	CLUB DE BAILE DEPORTIVO AL COMPAS	G-27711597	1,83	601,26	600,00 €
9BALONCESTO	BASQUET RIAS BAIXAS	G-27777127	1,52	499,41	500,00 €
10BALONCESTO	C.B. SAN JOSE DE LA GUIA	G-36756831	6,09	2000,93	2.000,00 €
11BALONCESTO	CLUB BALONCESTO ANDERSEN	G-36960375	0,61	200,42	200,00 €

MODALIDADE	ENTIDADE	CIF	SUMA PUNTOS	IMPORTE INICIAL	IMPORTE C/RE-DONDEO
12BALONCESTO	CLUB BALONCESTO ELECTROSHIPS GALICIA	G-27718667	0,61	200,42	200,00 €
13BALONCESTO	CLUB BALONCESTO SEIS DO NADAL	G-36942142	54,78	17998,52	18.000,00 €
14BALONCESTO	CLUB NOVOBASKET VIGO	G-27791474	6,09	2000,93	2.000,00 €
15BALONMAN	ASOCIACION DEPORTIVA CARBALLAL	G-36686376	18,26	5999,51	6.000,00 €
16BALONMAN	UNION BALONMAN LAVADORES	G-36810075	54,78	17998,52	18.000,00 €
17BALONMÁN	CLUB BALONMÁN SEIS DO NADAL COIA	G-36948115	63,91	20998,27	21.000,00 €
18BEISBOL	TRASNOS BEISBOL CLUB	G-27750645	6,09	2000,93	2.000,00 €
19BOLOS	CLUB BOLOS VALLADARES S. BARTOLOME	G-27738962	1,22	400,84	400,00 €
20BOLOS	CLUB DE BOLOS CELTAS VALLADARES	G36881316	0,61	200,42	200,00 €
21BOWLING	CLUB BOWLING CELTA	G-36685345	2,43	798,40	800,00 €
22BOXEO	CLUB POLIDEPORTIVO SAUDADE	G-36662344	9,13	2999,75	3.000,00 €
23CICLISMO	CLUB CICLISTA BICI VERDE	G-36814515	1,52	499,41	500,00 €
24CICLISMO	CLUB CICLISTA CORUXO	G-27710730	4,57	1501,52	1.500,00 €
25CICLISMO	CLUB CICLISTA MEIXOEIRO	G-36720951	6,09	2000,93	2.000,00 €
26CICLISMO	CLUB CICLISTA RIA DE VIGO	G-36745107	6,70	2201,35	2.200,00 €
27CICLISMO	CLUB CICLISTA TEIS	G-36954323	9,13	2999,75	3.000,00 €
28CICLISMO	CLUB CICLISTA VIGUES	G-36650885	57,83	19000,62	19.000,00 €
29CICLISMO	CLUB PEÑA CICLOTURISTA TRAVIESAS	G-36703213	2,43	798,40	800,00 €
30DEPORTE ADAPTADO	AG. DEP. TAMIAR APAMP	G-36657450	2,43	798,40	800,00 €
31DEPORTE ADAPTADO	AGRUPACION DEPORTIVA SODIM	G-27727965	1,83	601,26	600,00 €
32DEPORTE ADAPTADO	AGRUPACION SOCIO DEPORTIVA ALTER-NATIVA	G-27776459	1,83	601,26	600,00 €
33DEPORTE ADAPTADO	ASOCIACION DEPORTIVA PLAYA DE SAMIL	G-36918084	1,83	601,26	600,00 €
34DEPORTE ADAPTADO	CLUB DEPORTIVO DE VELA ESCOTA	G-36807022	1,83	601,26	600,00 €
35DEPORTE ADAPTADO	CLUB DEPORTIVO SAN RAFAEL	G-36814093	4,26	1399,67	1.400,00 €
36DEPORTE ADAPTADO	CLUB MENELA	G-36817575	0,46	151,14	150,00 €
37DEPORTE ADAPTADO	CLUB MINAUTA	G-36834240	1,83	601,26	600,00 €
38DEPORTE ADAPTADO	CLUB POLIDEPORTIVO ASPANAEX	G-36819779	3,04	998,82	1.000,00 €
39ESGRIMA	CLUB ESGRIMA DE VIGO	G-36869873	10,65	3499,16	3.500,00 €
40FUTBOL	AGRUP. ANTIGUOS JUGADORES CELTA	G-36810372	24,35	8000,44	8.000,00 €
41FUTBOL	ARENAS DE ALCABRE SCD	G-36823912	13,70	4501,27	4.500,00 €
42FUTBOL	ASOC.DEPORTIVA LAVADORES CF	G-36770931	10,96	3601,02	3.600,00 €
43FUTBOL	BALAIOS FC	G-36737724	14,61	4800,26	4.800,00 €
44FUTBOL	C.CULTURAL A.R.VALLADARES	G36617082	7,00	2299,92	2.300,00 €
45FUTBOL	C.D. SAMPAYO	G-36654564	1,52	499,41	500,00 €
46FUTBOL	CLU DE FUTBOL SAN ESTEBAN	G-36733020	1,52	499,41	500,00 €
47FUTBOL	CLUB DE FUTBOL SAN MIGUEL	G-36743433	21,30	6998,33	7.000,00 €
48FUTBOL	CLUB DEPORTIVO NIETO	G-36687309	12,17	3998,58	4.000,00 €
49FUTBOL	CLUB FORTUNA VIGO	G-27774439	0,91	298,99	300,00 €
50FUTBOL	CLUB POLIDEP. ALERTANAVIA	G-36649283	27,39	8999,26	9.000,00 €
51FUTBOL	CLUB SAN ROQUE CASABLANCA	G-36763084	13,70	4501,27	4.500,00 €
52FUTBOL	MOLEDO CLUB FUTBOL	G-36734226	1,83	601,26	600,00 €
53FUTBOL	RACING DE CASTRELOS FC	G-36710762	12,17	3998,58	4.000,00 €
54FUTBOL	RAPIDO DE PEREIRO FC	G-36874832	12,17	3998,58	4.000,00 €
55FUTBOL	S.C.D. ATLANTIDA DE MATAMA	G-36620854	20,09	6600,77	6.600,00 €
56FUTBOL	U.D.COMESAÑA	G-36745586	1,83	601,26	600,00 €
57FUTBOL	UVCD CANDEAN	G-36863348	12,17	3998,58	4.000,00 €
58FÚTBOL	A.D. MONTECASTELO	G-36747574	6,09	2000,93	2.000,00 €
59FÚTBOL	C.D. TEIS	G-36752640	10,96	3601,02	3.600,00 €
60FÚTBOL	CLUB COLEGIO HOGAR SAN ROQUE	G-36647311	18,26	5999,51	6.000,00 €
61FÚTBOL	CLUB DEPORTIVO A GUIA	G-36645612	10,04	3298,74	3.300,00 €
62FÚTBOL	CLUB DEPORTIVO AREOSA	G-36690519	18,26	5999,51	6.000,00 €
63FÚTBOL	CLUB DEPORTIVO COYA	G-36753911	12,17	3998,58	4.000,00 €

MODALIDADE	ENTIDADE	CIF	SUMA PUNTOS	IMPORTE INICIAL	IMPORTE C/RE-DONDEO
64FÚTBOL	CLUB RÁPIDO DE BOUZAS	G-36711513	70,00	22999,20	23.000,00 €
65FÚTBOL	GRAN PEÑA, C.F.	G-36663656	27,39	8999,26	9.000,00 €
66FÚTBOL	INDEPENDIENTE, C.F.	G-36710416	13,70	4501,27	4.500,00 €
67FÚTBOL	S.D. CRISTO DE LA VICTORIA	G-36684124	16,74	5500,09	5.500,00 €
68FÚTBOL	UNIÓN DEPORTIVA SANTA MARIÑA	G-36628774	19,78	6498,92	6.500,00 €
69FUTBOL SALA	ANPABAL FUTBOL CLUB	G-27758168	1,83	601,26	600,00 €
70FUTBOL SALA	CENTRO CULTURAL E RECREATIVO CABRAL	G-36658680	2,13	699,83	700,00 €
71FUTBOL SALA	CENTRO VECIÑAL E CULTURAL VALLADARES	G36805158	8,22	2700,76	2.700,00 €
72FUTBOL SALA	CLUB DEPORTIVO A PAZ FUTBOL SALA	G-27785039	3,35	1100,68	1.100,00 €
73FUTBOL SALA	CLUB UNION FS	G-27758598	2,13	699,83	700,00 €
74FUTBOL SALA	ESCUELAS DEPORTIVAS VIGO 2015	G-36982239	9,13	2999,75	3.000,00 €
75FUTBOL SALA	IES CORUXO FS	G-27726835	7,61	2500,34	2.500,00 €
76FUTBOL SALA	TREBOADA FS SAN SALVADOR	G-36645075	1,83	601,26	600,00 €
77FÚTBOL SALA	C.D. MOSTEIRO BEMBRIVE, F.S.	G-36886422	18,26	5999,51	6.000,00 €
78FÚTBOL SALA	CLUB DEPORTIVO A PAZ 03	G-36924249	1,83	601,26	600,00 €
79FÚTBOL SALA	CLUB MARISTAS EL PILAR	G-36690782	9,13	2999,75	3.000,00 €
80FÚTBOL SALA	PECHECHES FÚTBOL SALA	G-27778521	1,83	601,26	600,00 €
81GOLF	REAL AEROCUB DE VIGO	G-36610384	4,87	1600,09	1.600,00 €
82HIPICA	CLUB HIPICO LA MURALLA	G-36890838	2,74	900,25	900,00 €
83HOCKEY HERBA	ATLANTICO HOCKEY CLUB	G-36684850	12,17	3998,58	4.000,00 €
84JUDO	ASOCIACION DEPORTIVA FAMU	G-36681633	39,57	13001,12	13.000,00 €
85JUDO	CLUB KENDO VIGO-FUJI DOJO	G-27709120	1,52	499,41	500,00 €
86JUDO	JUDO CLUB GALICIA SUR	G-27781541	3,50	1149,96	1.150,00 €
87KARATE	AGRUPACION DEPORTIVA ZANSHIN	G-36870160	23,13	7599,59	7.600,00 €
88KAYAK	CLUB KAYAK VIGO	G-36978559	7,91	2598,91	2.600,00 €
89KUNG FU	AVCD CABRAL	G-36651073	1,52	499,41	500,00 €
90KUNG FU	S.D. CLUB MARCOTE	G-36658052	1,52	499,41	500,00 €
91LOITA	CLUB DE LOITA CIDADE DE VIGO	G-36955565	3,04	998,82	1.000,00 €
92LOITA	CLUB DE LUCHA EL CASTRO	G-36707586	3,04	998,82	1.000,00 €
93LOITA	CLUB LOITA SAN IGNACIO	G-36708303	5,17	1698,66	1.700,00 €
94LOITA	KUZUSHI	G-36696227	3,04	998,82	1.000,00 €
95MONTAÑISMO	CLUB MONTAÑEIRO CELTAS	G-36637890	3,65	1199,24	1.200,00 €
96MONTAÑISMO	CLUB DE MONTAÑA XISTRA	G-36743540	1,83	601,26	600,00 €
97MONTAÑISMO	C. PEÑA TREVINCA MONTAÑEIRO GALICIA	G-36630192	3,65	1199,24	1.200,00 €
98MOUNTAIN BIKE	SINGLETRACK OUTDOOR SPORTS	G-36850378	26,17	8598,42	8.600,00 €
99NATAACION	C.N.VIGO, RIAS BAIXAS	G-36827079	22,22	7300,60	7.300,00 €
100NATAACION	CLUB NATAACION TRAVIESAS	G-36823524	3,65	1199,24	1.200,00 €
101NATAACION SINCRON.	C. NATAACION SINCRON. R. BAIXAS VIGO	G-27763812	4,57	1501,52	1.500,00 €
102PADEL	PADEL FEMENINO CIES	V-2771375	1,83	601,26	600,00 €
103PATINAXE	CLUB AS RODAS PATINAXE ARTISTICA	G-36645091	16,13	5299,67	5.300,00 €
104PATINAXE	CLUB CASTRELOS PATINAXE ARTISTICA	G-36811974	8,83	2901,18	2.900,00 €
105PATINAXE	CLUB DEPORTIVO FREESTYLE SLALOM VIGO	G-27722305	0,91	298,99	300,00 €
106PATINAXE	CLUB PATIN VAGALUME	V-36982304	9,13	2999,75	3.000,00 €
107PATINAXE	CLUB PATINAXE ARTISTICA VALLADARES	G-36765733	10,65	3499,16	3.500,00 €
108PETANCA	ASOCIACION CULTURAL DEPORTIVA XESTAS	G-36628543	3,35	1100,68	1.100,00 €
109PETANCA	C.P. SAMPAYO	G-36851202	0,61	200,42	200,00 €
110PETANCA	CLUB CHAVE E PETANCA VALLADARES	G-36796316	0,61	200,42	200,00 €
111PETANCA	CLUB CUATRO CAMINOS	G-27753466	0,30	98,57	100,00 €
112PETANCA	CLUB PETANCA A TOXEIRA	G-36849041	0,91	298,99	300,00 €
113PETANCA	CLUB PETANCA BREOGAN	G-36802247	0,61	200,42	200,00 €
114PETANCA	CLUB PETANCA CABRAL	G-36765055	1,83	601,26	600,00 €
115PETANCA	CLUB PETANCA CARAPUCHA	G-27779446	0,61	200,42	200,00 €

MODALIDADE	ENTIDADE	CIF	SUMA PUNTOS	IMPORTE INICIAL	IMPORTE C/RE-DONDEO
116PETANCA	CLUB PETANCA CELTA	G-36875417	0,91	298,99	300,00 €
117PETANCA	CLUB PETANCA ENSINO	G-36798866	6,09	2000,93	2.000,00 €
118PETANCA	CLUB PETANCA FLORIDA	G-36792711	1,83	601,26	600,00 €
119PETANCA	CLUB PETANCA O XULIO	G-36792984	0,61	200,42	200,00 €
120PETANCA	CLUB PETANCA TEIS	G-36288413	1,52	499,41	500,00 €
121PETANCA	CLUB PETANCA VIGO	G-36702413	1,83	601,26	600,00 €
122REMO	CLUB DE REMO CORUXO	G-36726750	32,87	10799,77	10.800,00 €
123REMO	CLUB DE REMO VIRXE DA GUIA	G-36650273	1,83	601,26	600,00 €
124SQUASH	CLUB SQUASH RIA DE VIGO	G-27736438	6,09	2000,93	2.000,00 €
125SQUASH	VIGO SQUASH	G-36929511	13,70	4501,27	4.500,00 €
126TAEKWONDO	A.D. KIAP	G-36788594	2,74	900,25	900,00 €
127TAEKWONDO	AS SPORT VIGO	G27732577	2,74	900,25	900,00 €
128TENIS	CLUB DE CAMPO DE VIGO	G-36613685	15,22	5000,68	5.000,00 €
129TENIS DE MESA	C.D. TENIS DE MESA HELIOS BEMBRIVE	G-27762483	1,83	601,26	600,00 €
130TENIS DE MESA	CLUB TENIS DE MESA VIGO	G-27779016	0,91	298,99	300,00 €
131TIRO CON ARCO	CLUB ARQUEROS NITO RUIZ	G-36807881	3,04	998,82	1.000,00 €
132TRIATLON	CLUB TRIATLON MAR DE VIGO	G-27730597	6,09	2000,93	2.000,00 €
133VARIOS	AGRUPACIÓN DEPORTIVA VIGO	G-36651123	7,61	2500,34	2.500,00 €
134VARIOS	ANPA COUTADA BEADE	G-36616837	1,52	499,41	500,00 €
135VARIOS	ASOCIACION DEPORTIVA LOPE DE VEGA	G-36886992	1,52	499,41	500,00 €
136VARIOS	C.D. POLICIA LOCAL VIGO	G-36912459	4,57	1501,52	1.500,00 €
137VARIOS	C.D. COLEGIO MARIANO	G-36649408	2,13	699,83	700,00 €
138VARIOS	CLUB BALONCESTO SALESIANOS	G-36875391	9,13	2999,75	3.000,00 €
139VARIOS	CLUB DEPORTIVO CSCR DE BEADE	G-36904530	1,52	499,41	500,00 €
140VELA	CLUB MARITIMO DE CANIDO	G-36630127	4,26	1399,67	1.400,00 €
141VOLEI PRAIA	CLUB VOLEI PRAIA VIGO	G-36990109	6,09	2000,93	2.000,00 €
142VOLEIBOL	BLACK VOLEY VIGO	G-27747864	1,52	499,41	500,00 €
143WU SHU	FIT SPORT	G-36988947	1,52	499,41	500,00 €
144XIMNASIA ACROBATICA	CLUB FLIC FLAC	G-36931582	16,74	5500,09	5.500,00 €
145XIMNASIA ARTISTICA	CLUB SIEIRO ACROBACIA VIGO	G-36846608	7,61	2500,34	2.500,00 €
146XIMNASIA	MANIOTAS	G-36684819	16,74	5500,09	5.500,00 €
			1310,26	430499,03	430.500,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1283).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA OBRA “SUBSANACIÓN DAS NECESIDADES DA REDE DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA AVDA. ATLÁNTIDA, DO Nº 30 AO Nº 52”. EXPTE. 2723/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 06/11/14, do xefe da área de Fomento conformado polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

“Localidade e situación: RÚA ATLÁNTIDA.

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D^a. MARÍA FERREIRO NÚÑEZ.

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.
Contratista titular do plan: AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA.
Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.
Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D^a. MARÍA FERREIRO NÚÑEZ.
Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. MIGUEL ÁNGEL PAYÁ GONZÁLEZ.
Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. OSCAR PEREIRO TAIBO (CSM, GESTIÓN DE SEGURIDAD EN CONSTRUCCIÓN, SL.).
Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: MIGUEL ÁNGEL PAYÁ GONZÁLEZ (AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA).

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra “**SUBSANACIÓN DAS NECESIDADES DA REDE DE SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO NA AVDA. ATLÁNTIDA, DO Nº 30 AO Nº 52**”.
2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria **AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA.**, a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1284).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA OBRA “RENOVACIÓN DE REDES DE SANEAMIENTO E ABASTECIMIENTO NO BARRIO DO CALVARIO”. EXPTE. 2722/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 06/11/14, do xefe da área de Fomento conformado polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

“Localidade e situación: BARRIO DO CALVARIO DE VIGO.

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D. LUIS VICENTE VILAR MONTORO (VILAR MONTORO INGENIERÍA, SLP.).

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.

Contratista titular do plan: AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. LUIS VICENTE VILAR MONTORO (VILAR MONTORO INGENIERÍA, SLP.).

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. MIGUEL ÁNGEL PAYÁ GONZÁLEZ.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: DNA. REBECA GALIÑANES FERNÁNDEZ (PROYEGAL INGENIERÍA, SL.).

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: MIGUEL ÁNGEL PAYÁ GONZÁLEZ (AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA).

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propoer a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propoer a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

- 1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra “RENOVACIÓN DE REDES DE SANEAMIENTO E ABASTECIMIENTO NO BARRIO DO CALVARIO”.**
- 2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.**

*Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria **AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA.**, a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral*

competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1285).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES ENGADINDO OS ESPAZOS SOTERRADOS ENTRE A RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ E PRAZA DE ARGÜELLES. EXPTE. 7279/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 11/11, do secretario da Mesa de Contratación fiscalizado o 13/11/14, que di o seguinte:

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación das obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da praza da Princesa e Praza de Argüelles engadindo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez de Praza de Argüelles 2. (expediente 7279-307).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 5 de novembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

2.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES, INCLUÍNDO OS ESPAZOS SOTERRADOS ENTRE A RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ E PRAZA DE ARGÜELLES. EXPTE. 7279/307.

Dáse conta da proposta asinada polo secretario da Mesa de Contratación, con data 5.11.14, que di o seguinte:

“A Mesa de Contratación celebrada o 05 de novembro de 2014, entre outros, acordou:

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da praza da Princesa e Praza de Argüelles engadindo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez de Praza de Argüelles 2. (expediente 7279-307).

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 02-10-2014, 03-10-2014, 08-10-2014, 24-10-2014, 28-10-2014, 29-10-2014, 04-11-2014 e 05-11-2014 e dos informes do Enxeñeiro de Edificación e o responsable técnico de Patrimonio de data 20-10-2014, da xefa de Patrimonio Histórico de 28-10-2014 e 04-11-2014 e do Responsable técnico de Patrimonio de 04-11-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Primeiro: considerar como desproporcionada a oferta presentada por DESMACO, S.L.. A vista do informe do Responsable técnico de Patrimonio de 04-11-2014.

Segundo: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da praza da Princesa e Praza de Argüelles engadindo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez de Praza de Argüelles 2. (expediente 7279-307, no seguinte orde decrecente:

1	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U.	95,10
2	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	90,59
3	CONSTRUCCIONES RAMIREZ	87,70
4	NAROM S.L.	86,46
5	CIVIS GLOBAL	84,96
6	ORECO SA	80,26
7	COPCISA S.A.	79,17
8	EMERGIS CONSTRUCCIÓN, S.L.	77,49
9	CONSTRUCCIONES ALEA S.L.	74,34
10	NATURGALIA S.A.	69,21
11	MOVIMIENTOS DE ARIDO Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	69,43
12	STRADIA INFRAESTRUCTURAS SL	59,16
13	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A	46,63

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU, para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil de acordo co apartado 13 a) das FEC.*
- *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*
- *Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FECles se comprometeu na súa oferta.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 938,54 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 6 de novembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 07 de novembro de 2014, dentro do prazo sinalado. Revisada a documentación se observa que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U., o procedemento aberto para a contratación das obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da praza da Princesa e Praza de Argüelles engadindo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e Praza de Argüelles 2. (expediente 7279-307) por un prezo total de 262.435,21 euros (IVE incluído) e un incremento do prazo de garantía de 108 meses respecto do mínimo previsto de 12 meses e unha redución do prazo de execución de 4 semanas. Todo iso

de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1286).- PROPOSTA PARA ENCARGAR A REDACCIÓN DO PROXECTO “RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO DA RÚA ALONSO OJEDA EN TEIS”. EXPTE. 2777/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 12/11/14, do xefe da área de Fomento, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urgente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.

Na cláusula terceira do documento, establécese o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

En data 08 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local aproba o procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria Aqualia.

Dentro deste procedemento, recollese no apartado III.a) -ACTOS ADMINISTRATIVOS A TRAVÉS DOS QUE SE EXERCERÁ O CONTROL DAS OBRAS DE INVERSIÓN DA ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA, a necesidade de xustificación da conveniencia e idoneidade dos investimentos a levar a cabo.

Tendo en conta o informe do Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños de data 11 de novembro de 2014 no que indica que se considera necesaria a renovación da rede de saneamento por estar en moi mal estado, e a Orde de Servizo do Concelleiro delegado de data 11 de novembro de 2014, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1.- Encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a “RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO DA RÚA ALONSO OJEDA EN TEIS” considerado de urxencia e execución inaprazable.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1287).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DA OBRA “RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO DA RÚA MOAÑA”. EXPTE. 2342/443.

Examinadas as actuacións o expediente, dáse conta do informe-proposta do 10/11, do xefe de área, asinado polo asesor xurídico e conformado polo concelleiro-delegado de área consta fiscalizado o 11/11/14 e di o seguinte:

“O Sr Concelleiro da Área de Fomento, declara de urxencia e execución inaprazable o proxecto citado no asunto de referencia en data 16 de abril de 2013.

En data 14 de marzo de 2014 a Xunta de Goberno Local, acorda a aprobación do proxecto citado no asunto de referencia e os custes asociados do mesmo.

En data 4 de abril de 2014 dase conta á Xunta de Goberno Local dos datos da obra de referencia.

Noméase a Dirección Facultativa, apróbase o Plan de Seguridade e Saúde e aceptase o Plan de Xestión de Residuos en data 11 de abril de 2014.

Fírmase a acta de comprobación de replanteo en data 21 de abril de 2014, sendo o prazo contractual de execución: 4 meses.

En data 5 de agosto de 2014 conformase prórroga ata novembro de 2014.

XUSTIFICACIÓN:

As obras reflicten as definicións de proxecto, pero existen unha serie de condicionantes que obrigan a xenerar novas unidades ou modificar as existentes para conseguir os obxectivos establecidos dende o proxecto, de forma xeral existen varios condicionantes principais para introducir modificacións, estes condicionantes son:

- Execución de rampa peonil: Trala solicitude por escrito dos veciños, según se recolle no anexo nº3 do presente modificado nº 1, para a mellora da accesibilidade no traxecto entre o fondo de saco e as vivendas situadas no nivel superior, propónse a execución dunha rampa no citado ámbito.*
- Tratamento das beirarrúas interiores: Nos tramos interiores , nos que o proxecto orixinal renova as redes de servizos, o trazado estaba prantexado sobre zonas verdes existentes. Tendo en conta as interferencias con outros servizos é necesario a invasión da beirarrúa existente e polo tanto a nivel de pavimentación é necesario uniformizar os tratamentos superficiais das beirarrúas existentes.*
- Adecuación de elementos de contención do talude da pista deportiva, para garantir a estabilidade do terreo contiguo a pista.*
- Colocación de bordo xardineiro para contención de zonas verdes, para substitución do bordo actual, danado durante a demolición das beirarrúas.*

ORZAMENTO:

Exposto o anterior, hai que resaltar que as variacións supoñen a necesidade de introducir determinadas unidades de obra non comprendidas no proxecto inicialmente aprobado. En consecuencia, os prezos contradictorios propostos pola dirección facultativa, consecuentes á solución técnica adoptada, atenden ao cadro de prezos de unidades de obra que rixe as obras de inversións da Entidade Concesionaria, aprobado en X.G.L. do 22 de marzo de 2013, e aos prezos xerais do mercado á data de licitación calculados sobre a base do proxecto orixinal aprobado en todo o que se refire a prezos unitarios de man de obra, materiais e maquinaria e aos custos indirectos (6%) dos prezos descompostos.

Estas variacións non provocan modificacións do presuposto económico aprobado, mantendo éste o importe de 662.460,42 €, I.V.E. excluído, quedando xustificado o total do investimento económico, e dando lugar ao presente proxecto Modificado nº 1, sen importe adicional.

PRAZO DE EXECUCIÓN:

As actuacións recollidas no proxecto modificado non varían o prazo de execución previsto trala firma da prórroga en agosto de 2014, polo que a finalización está prevista en novembro de 2014.

As citadas modificacións, estímase que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e que son de interese público.

Considérase que o presente modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste e non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

Polo que, á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe dos directores de obra de data 4 de novembro pasado, e previo informe da oficina de Intervención, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1.- Aprobar o proxecto “MODIFICADO Nº 1 DA OBRA RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DA RÚA MOAÑA”, redactado por D. Miguel A. Payá González da empresa AQUALIA, sen importe adicional e co mesmo prazo de execución.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1288).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 5238/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13.11.14, dáse conta do informe-proposta asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, con data 11.11.14, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 11 de novembro de 2014, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

7.- Proposta de adxudicación

- a) *Procedemento aberto para a contratación de servizos de promoción turística da cidade de Vigo (expediente 5238-104)*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos de promoción turística por procedemento aberto (PCAP).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do día 31 de outubro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación da promoción turística de Vigo en novos mercados turísticos, nacionais e internacionais, para atraer turistas procedentes de novos mercados mediante conectividade aérea directa dos mesmos con Vigo (expediente 5238-104)”, no seguinte orde decrecente:

1. *AIR NOSTRUM LINEAS AEREAS DEL MEDITERRANEO, S.A.: 80,50 puntos*
2. *VOLOTEA, S.L.:79,02 puntos.*
3. *IBERIA EXPRESS, S.A.U.:65,58 puntos.*

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AIR NOSTRUM LINEAS AEREAS DEL MEDITERRANEO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 26.7 do PCAP.*

Terceiro.- Requirir o aboamento de 584,58 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación a cada un dos licitadores clasificados en primeiro lugar”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 3 de novembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 11 de novembro de 2014, dentro do prazo sinalado. Revisada a documentación na sesión da Mesa de data 12 de novembro de 2014, se comproba que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Á vista dos informes da técnica de Turismo coa conformidade da xefa do servizo de Turismo de datas 02-10-2014, 07-10-2014, 14-10-2014 e 23-10-2014, valorando os criterios non avaliábeis mediante fórmula, avaliábeis mediante fórmula e establecendo a puntuación final respectivamente, a oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AIR NOSTRUM LINEAS AEREAS DEL MEDITERRANEO, S.A. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte ACORDO:

“Adxudicar a AIR NOSTRUM LINEAS AEREAS DEL MEDITERRANEO, S.A., o procedemento aberto para a contratación de servizos de promoción turística da cidade de Vigo (expediente 5238-104) por un prezo de 2.928.200 euros (IVE incluído), coas seguintes prestacións adicionais:

- Se compromete a apertura de 4 rutas con comercialización en 2014 e inicio de operacións en 2015.*
- Se compromete a apertura de 4 rutas con comercialización en 2015 e inicio de operacións en 2016.*
- Propón 14.400 prazas anuais nas rutas ofertadas.*

Na documentación anexa ó modelo de proposición especifica que:

- As 4 rutas con comercialización en 2014 e inicio de operacións en 2015 son Londres, Sevilla, Gran Canaria e Málaga.*

- *As 4 rutas con comercialización en 2015 e inicio de operacións en 2016 son: Bruselas, Roma, Alicante e Menorca.*
- *Se fixa a data de inicio de cada unha das rutas.*
- *O dato de 14.400 prazas anuais corresponde a un promedio, que se desglosa do seguinte xeito:*
 - Ano 2015: 8640 prazas*
 - Ano 2016: 17.280 prazas*
 - Ano 2017: 17.280 prazas*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce e trinta e cinco horas. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.